

## INCREMENTO DO 1,5% ADICIONAL NA NÓMINA DE NOVEMBRO

Santiago de Compostela 29/11/2022

### CONFIRMADO O ABONO DOS ATRASOS DO INCREMENTO DO 1.5% ADICIONAL NAS RETRIBUCIÓNS NA NÓMINA DE NOVEMBRO

Esta subida adicional do 1,5% engadida ao 2% aplicado desde o 1 de xaneiro de 2022, emana do “Acordo Marco para unha Administración do século XXI” suscrito, no marco da mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, pola Ministra de Facenda e Función Pública, en representación do Goberno de España, e as organizacións sindicais UGT e CCOO (71,4 % de representatividade e 10 membros na mesa - 5 cada un-) o pasado 19 de outubro. **A este aumento opúxose, co seu voto en contra, CSIF** (22,2% de representatividade). Nel, ademais de moitas materias de carácter xeral, tamén se fixaron os incrementos retributivos dos exercicios 2023 e 2024. **Os seus efectos económicos aplicáronse con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro de 2022.**

Posteriormente, no ámbito de **Galicia**, o acordo foi trasladado á **Mesa Xeral de Negociación das Empregadas/os Públicos da Comunidade Autónoma**, aprobándose co **voto a favor de UGT**. **Abstivéronse** a esta subida, os sindicatos **CIG e CSIF**, falando do **pacto da vergoña, do que por certo eles tamén se benefician.**

### EFEITOS PRÁCTICOS NO EXERCICIO 2022

**No exercicio 2022**, o incremento fixo alcanza o 3,5%, ao engadirse un 1,5% ao incremento do 2% xa aprobado na Lei 17/2021. No ámbito de Galicia, co **apoio á Lei, por UGT Servizos Públicos**, pola que se aproba unha **retribución de carácter extraordinario** para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real Decreto lei 18/2022, de 18 de outubro, **a nómina do mes de novembro incluíu o incremento adicional do 1,5% e os atrasos correspondentes a ese 1,5% desde xaneiro ata outubro de 2022.**

Para axudarvos ao cálculo; debes ter en conta que o 1,5% adicional calcúlase sobre as retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2021 e aplícase a todas as retribucións básicas e complementarias, lembre por unha banda estarán as correspondentes aos meses desde xaneiro a outubro -ambos os incluídos- e por outro as do mes de novembro xa se incluíron actualizadas na nómina deste mes.

### LEMBRA

**Para o ano 2023** o incremento é do 2,5 % en todas as retribucións, básicas e complementarias, ademais, a partir do 1 de xaneiro de 2023 recupérase a **carreira profesional**, e o **complemento de desempeño no 80% da totalidade da contía**, e os **atrasos do ano 2022**, grazas á negociación de UGT que desbloqueou a situación xerada pola **sentenza da CIG** aproveitando esa situación pola Administración. O anterior supón un **incremento acumulado medio do 11,16%.**

Para 2023 engádense dúas subidas variables de 0,5%, a primeira se o IPC harmonizado de 2022 e 2023 supera o 6% e terá carácter retroactivo e consolidable, e a segunda operaríase se o PIB nominal en 2023 chega ao 5,9%.

**Para 2024** establécese un aumento fixo do 2% máis un 0,5% variable que se cobraría si o IPC harmonizado de 2022, 2023 e 2024 supera o 8% e tamén terá carácter retroactivo e consolidable.

## SEGUIMOS DEFENDENDO OS TEUS DEREITOS